



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

05 JUN. 2024 17:08:53

Entrada **28625**

Sobre a mellora da seguridade viaria no cruzamento de Queirís en Coirós

Competencia	Competencias de la Cámara
Subcompetencia	Control e información
Tipo Expediente	184-Pregunta al Gobierno con respuesta escrita.

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL

Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso dos Deputados, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á necesidade de adoptar medidas de mellora da seguridade viaria na N-VI á altura de Queirís no municipio de Coirós.**

O xoves 30 de maio produciase un aparatoso accidente no quilómetro 570 da NVI en Coirós, no perigoso tramo de Queirís, por unha saída de vía dun camión que envorcou sobre a beiravía e a senda peonil pola que transitan habitualmente os veciños e veciñas da zona. Afortunadamente non houbo que lamentar vítimas, porén o condutor tivo que ser rescatado do interior do camión polos veciños e foi trasladado ao hospital con feridas. O sinistro tivo lugar nunha área poboada e próxima a casas habitadas e ao Centro Social de Queirís.

O perigo deste tramo foi obxecto de denuncias reiteradas por parte da veciñanza, que levan anos reclamando que se aborde dunha vez a mellora da seguridade viaria nesta área. Así, téñense realizado polos veciños e veciñas varios actos de protesta e concentracións para esixir a reforma da intersección da NVI coa variante que circunvala Betanzos e que leva décadas esperando a ser reformada.

Con carácter xeral, a NVI adoece de numerosos problemas de seguridade viaria, razón pola que o BNG demanda un Plan Integral que supoña a súa rehabilitación completa. Na comarca das Mariñas esta vía arrastra un historial de numerosos accidentes, algúns deles con vítimas mortais, tamén na área de Queirís. Así mesmo, o BNG ten presentado distintas iniciativas e emendas aos





Orzamentos Xerais do Estado para eliminar este punto negro, mais o Ministerio segue sen atender as peticións dos veciños e veciñas e adoptar as medidas precisas que permitan a mellora da seguridade viaria neste tramo.

No cruzamento de Queirís sería necesario construír unha rotonda e adoptar medidas de seguridade viaria para frear a elevada accidentalidade. A veciñanza tamén reclama a mellora do pavimento e da sinalización, un paso de peóns regulado por semáforos, medidas de calmado do tráfico, a mellora dos accesos e saídas desde as vías transversais e medidas de protección da contorna do Centro Social de Queirís, lugar próximo ao último sinistro antes indicado.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas ao Goberno:

1. Está o Ministerio ao tanto do aparatoso accidente ocorrido o 30 de maio no quilómetro 570 da NVI en Coirós, no perigoso tramo de Queirís, provocado pola saída da vía dun camión que envorcou sobre a beiravía e a senda peonil?
2. Sabe que devandito accidente produciuse nunha zona cunha alta sinistralidade e que se trata dunha área poboada, preto das casas e do Centro Social de Queirís?
3. Por que non se atenden as históricas demandas da veciñanza de Coirós para que se mellore a seguridade viaria neste punto onde se rexistran numerosos accidentes?
4. Como se explica que o Ministerio continúe sen adoptar medidas de mellora da seguridade viaria nun tramo perigoso e que acumula anos de reivindicacións veciñais pola alta perigosidade?
5. Ten previsto o Ministerio construír a rotonda no cruce de Queirís que demanda a veciñanza?



6. Adoptará outras medidas de reforzo da seguridade viaria neste tramo para reducir a accidentalidade como o reforzo da sinalización, medidas de calmado do tráfico, mellora dos accesos e medidas de protección da contorna do Centro Social de Queirís e a localización de paso de peóns regulados por semáforos? En caso afirmativo, en que prazo de tempo?

Madrid, a 5 de xuño de 2024

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento de los Diputados, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas a la necesidad de adoptar medidas de mejora de la seguridad viaria en la N-VI a la altura de Queirís en el municipio de Coirós.**

El jueves 30 de mayo se producía un aparatoso accidente en el kilómetro 570 de la NVI en Coirós, en el peligroso tramo de Queirís, por una salida de vía de un camión que volcó sobre el arcén y la senda peatonal por la que transitan habitualmente los vecinos y vecinas de la zona. Afortunadamente no hubo que lamentar víctimas, sin embargo, el conductor tuvo que ser rescatado del interior del camión por los vecinos y fue trasladado al hospital con heridas. El siniestro tuvo lugar en un área poblada y próxima a casas habitadas y al Centro Social de Queirís.

El peligro de este tramo fue objeto de denuncias reiteradas por parte del vecindario, que llevan años reclamando que se aborde de una vez la mejora de la seguridad viaria en este área. Así, se han realizado por los vecinos y vecinas varios actos de protesta y concentraciones para exigir la reforma de la intersección de la NVI con la variante que circunvala Betanzos y que lleva décadas esperando a ser reformada.

Con carácter general, la NVI adolece de numerosos problemas de seguridad viaria, razón por la que el BNG demanda un Plan Integral que suponga su rehabilitación completa. En la comarca de As Mariñas esta vía arrastra un



historial de numerosos accidentes, algunos de ellos con víctimas mortales, también en el área de Queirís. Asimismo, el BNG ha presentado distintas iniciativas y enmiendas a los Presupuestos Generales del Estado para eliminar este punto negro, pero el Ministerio sigue sin atender las peticiones de los vecinos y vecinas y adoptar las medidas precisas que permitan la mejora de la seguridad viaria en este tramo.

El cruce de Queirís sería necesario construir una rotonda y adoptar medidas de seguridad viaria para frenar la elevada accidentalidad. El vecindario también reclama la mejora del pavimento y de la señalización, un paso de cebra regulado por semáforos, medidas de calmado del tráfico, la mejora de los accesos y salidas desde las vías transversales y medidas de protección del entorno del Centro Social de Queirís, lugar próximo al último siniestro antes indicado.

Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas al Gobierno:

1. ¿Está el Ministerio al tanto del aparatoso accidente ocurrido el 30 de mayo en el kilómetro 570 de la NVI en Coirós, en el peligroso tramo de Queirís, provocado por la salida de la vía de un camión que volcó sobre el arcén y la senda peatonal?
2. ¿Sabe que dicho accidente se produjo en una zona con una alta siniestralidad y que se trata de un área poblada, cerca de las casas y del Centro Social de Queirís?
3. ¿Por qué no se atienden las históricas demandas del vecindario de Coirós para que se mejore la seguridad viaria en este punto donde se registran numerosos accidentes?
4. ¿Como se explica que el Ministerio continúe sin adoptar medidas de mejora de la seguridad viaria en un tramo peligroso y que acumula años de reivindicaciones vecinales por la alta peligrosidad?



5. ¿Prevé el Ministerio construir la rotonda en el cruce de Queirís que demanda el vecindario?

6. ¿Adoptará otras medidas de refuerzo de la seguridad viaria en este tramo para reducir la accidentalidad como el refuerzo de la señalización, medidas de calmado del tráfico, mejora de los accesos y medidas de protección del entorno del Centro Social de Queirís y la localización de paso de peones regulados por semáforos? En caso afirmativo, ¿n que plazo de tiempo?

Madrid, a 5 de junio de 2024

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso